

Sábado . 20 . febreiro . 2010

MARÉ

AELG A Asociación de Escritores publica os finalistas dos premios anuais, con dous libros no apartado de poesía tras retirar 'O paraíso das sombras'

Cita: o 17 de abril

Oito xornalistas, entre eles Fran P. Lorenzo e Anxo Tarrío, compiten no apartado de traxectoria periodística


maré • Santiago

O próximo 17 de abril, en Compostela, a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) entregará os seus galardóns anuais na *Cea das Letras*, un acontecemento que a propia asociación considera un dos seus actos máis importantes. Onte fixéronse públicos os finalistas dos distintos apartados do galardón e á vista dos resultados, o máis rifado será o de *Traxectoria xornalística*, onde compiten dous colaboradores habituais de GALICIA HOXE: Fran P. Lorenzo –sinatura habitual dos xoves e nome xa clásico do periodismo cultural– e Anxo Tarrío, sinatura da contraportada dos mércores e un dos críticos literarios con maior prestixio en Galicia. Canda eles, figuran outros seis finalistas, encabezados por Ana Román, directora do programa da Radio Galega *Diario Cultural* –no que leva máis de vinte anos ofrecendo unha ampla visión dos acontecementos culturais do día a día– e Xosé Manuel Pereiro, presidente do Colexio de Xornalistas e lúcido cronista da actualidade galega. Completan a lista Belén Regueira, Bieito Iglesias, Lino Braxe e Manuel Rivas, o máis admirado xornalista e escritor do país.


Tamén de máxima competencia se presenta o apartado de blogs literarios, onde foron finalistas os grandes facedores deste soporte, como Manuel Bragado –director de Xerais e autor das celebradas *Brétemas*– ou Santiago Jaureguizar, autor dun dos blogs máis polémicos do panorama, *Cabaret Voltaire*. Canda eles, Alfredo Ferreiro con *O levantador de minas*, Francisco Castro con *A canción do náufrago*, Marcos Valcárcel con *As uvas da solaina* e a propia AELG coa súa *Axenda Cultural* de Algueirada.

A competencia nestes dous apartados contrasta cos dous únicos finalistas de *Poesía*, outrora un dos xéneros con maiores bríos. Desta volta, disputaranse o galardón unha das voces capitais da poesía da posguerra, Luz Pozo Garza por *Deter o día cunha flor* e Dorcas Tembrás. Deste apartado retirouse *O paraíso das sombras*, de Cesáreo Sánchez, presidente da AELG.


En narrativa son tres as novelas en liza. De Luís rei Núñez é *Monte Louro*, un dos éxitos de crítica da temporada, historia dun home que pasa a vida fuxindo de si mesmo. Con *O cabo do mundo*, Xabier Quiroga regresou á novela de longo alento e fíxoo a través dunha trama baseada na represión franquista. O terceiro da candidatura é Cid Cabido, un autor esquivo cos medios que asentou unha traxectoria radical e silenciosa. *Unha historia que non vou contar* é a súa última obra, re-



Fran P. Lorenzo, sinatura habitual de 'Galicia Hoxe'



Anxo Tarrío publica os mércores en 'Galicia Hoxe'



Xosé Manuel Pereiro é actualmente presidente do Colexio de Xornalistas



Luz Pozo Garza, finalista no apartado de poesía



Manuel Bragado é o autor do blog 'Brétemas'

construción do asasinato dun coñecido empresario conserveiro de Vigo que lle permite, de novo, a Cid Cabido cuestionar as canles da realidade.

En teatro, rexístranse tamén tres finalistas: *Delimvois* de Rubén Ruibal, *Medea dos fuxidos* de Manuel Lourenzo e *Sempre quixen bailar un tango* de Teresa González Costa. Os finalistas en ensaio son *A medicina médica* de

Manuel Forcadela, *As razóns do galego* de Henrique Monteagudo, *Cartas de republicanos galegos condenados a morte* de Alonso Montero e *Soñadores e familia*, de María Xesús Nogueira.

Agustín Fernández Paz conta con dúas obras en Literatura xuvenil: *Lúa do Senegal* e *Valados*. Acompañano neste apartado Rosa Aneiros con *As de bolboreta* e *Brinco de Ouro II*, de

Xesús Manuel Marcos. Por último, en tradución, hai catro finalistas: Isabel Soto por *Dlanagan*, *Flash-Back* de Jaume Ribera; Bartug Aykam e María Alonso Seisdedos por *O museo da inocencia* de Orhan Pamuk, Manuel F. Vieites por *Obra dramática completa* de Sarah Kane, e Ana Belén Martínez por *Residente privilexiada* de María Casares. ●